# Estilo galician para o sistema babel

Versión 4.3, de 29 de xaneiro do 2007

Javier Múgica*

## Índice

**1. galician coma lingua principal** **1**

**2. Descripción** **2**
2.1. Traduccións . . . 2
2.2. Abreviacións . . . 3
2.3. Coma decimal . . . 4
2.4. División de palabras . . . 5
2.5. Ordinais . . . 6
2.6. Funcións matemáticas . . . 6
2.7. Entrecomiñados . . . 7
2.8. Espaciado . . . 8
2.9. Pequenas e medianas versais . . . 8
2.10. Miscelánea . . . 9

**3. Selección da lingua** **9**

**4. Adaptación** **10**
4.1. Configuración . . . 10
4.2. Outros cambios . . . 10

**5. Formatos distintos a LaTeX 2ε** **11**

**6. Bibliografías** **12**

**7. Incompatibilidades con versións anteriores** **12**

**Referencias** **12**

## 1. galician coma lingua principal

En babel considérase que a última lingua citada en `\usepackage` e `\documentclass`, por esta orde, é a lingua principal. Se a lingua principal é `galician`, actívase o grupo `\layoutgalician` que adapta varios elementos ós usos tipográficos galegos do seguinte modo:

*O autor orixinal foi Javier Bezos. Foi traduciro por min do castelán en xaneiro do 2007, e desde entón e mantido e actualizado por min.

◇ `enumerate` e `itemize`

O primeiro usa a seguinte secuencia:

1.
   *a*)
      1)
         *a*′)

O segundo a seguinte:

■
   •
      ◦
         ◇

Dúas órdenes permiten outros estilos en `itemize`: con `\galiciandashitems` cámbiase a raias en tódo-los niveis e con `\galiciansignitems`, a • ◦ ◇ ▷.

◇ `\alph` e `\Alph`

Inclúen o eñe, pero non k, j, w nin y.

◇ `\fnsymbol`

Empréganse un, dous, tres... asteriscos (*, **, ***, etc.), en lugar da sucesión angloamericana de cruces, barras, etc.[1]

◇ `\guillemotleft` e `\guillemotright`

As comiñas latinas para `OT1` son menos angulosas e xenéranse cunhas puntas de frecha `lasy`.

◇ `\roman`

Os números romanos en minúscula son propios das obras inglesas e non se empregan no continente. Por iso se redefine `\roman` para que produza versalitas.

> **Nota.** MakeIndex non pode entender a forma na que `\roman` escribe o número de páxina, polo que elimina as liñas afectadas. Por iso o aquivo `.idx` ten que ser convertido antes de ser procesado con MakeIndex. Con este paquete proporciónase a utilidade `glromidx.tex` que se encarga diso. Simplemente componse ese arquivo con LaTeX e a continuación respóndese ás preguntas que se formulan. Este proceso non é necesario se non se introduciu ningunha entrada de índice en páxinas numeradas con `\roman` (o que será o máis normal). Se un símbolo propio de *MakeIndex* xenerara problemas, debe encerrarse entre chaves: `{"|}`.

◇ `\section`, `\subsection`, etc.

Os números nos títulos están seguidos dun punto tanto no texto coma no índice. Ademáis, o primeiro parágrafo tra-lo título non elimina a sangría (de novo, un costume angloamericano).

Estes cambios funcionan coas clases estándar —con otras tal vez algún deles non teña efecto— e persisten durante todo o documento (non se poden desactivar). Ningún deles é necesario para compoñer o documento, aínda que naturalmente o resultado será distinto.

[1] DOT, 162.

Cadro 1: Traduccións

| | |
|---|---|
| `\refname` | Referencias |
| `\abstractname` | Resumo |
| `\bibname` | Bibliografía |
| `\chaptername` | Capítulo |
| `\appendixname` | Apéndice |
| `\contentsname` | Índice xeral [a] |
| `\listfigurename` | Índice de figuras |
| `\listtablename` | Índice de cadros |
| `\indexname` | Índice alfabético |
| `\figurename` | Figura |
| `\tablename` | Cadro |
| `\partname` | Parte |
| `\enclname` | Adxunto |
| `\ccname` | Copia a |
| `\headtoname` | A |
| `\pagename` | Páxina |
| `\seename` | véxase |
| `\alsoname` | véxase tamén |
| `\proofname` | Demostración |

[a] Pero sólo «Índice» en article.

◇ `\selectgalician*`

Se non se desexan estes cambios, chega con usar no preámbulo `\selectgalician*` (con asterisco) ou «borralos» con:

```
\let\layoutgalician\relax
```

# 2. Descripción

## 2.1. Traduccións

Certas ordes defínense para proporcionar traduccións ó galego dalgúns términos, tal e como se describe no cadro 1.

Non existe para o índice unha terminoloxía unificada. Tal vez *Índice xeral* é o que máis se usa, así que a iso me ateño salvo en `article`, onde se compón coma sección e polo tanto resulta algo ostentoso.[2]

Para o índice alfabético tense proposto *Índice de materias* ou *Índice analítico*, aínda que estes índices non soamente adoitan incluír materias, mais tamén nomes; *Índice alfabético* é máis preciso.[3]

En canto ós de cadros e figuras, tamén é posible dicir *lista*, pero paréceme preferible *índice*, que implica a correspondencia coas páxinas.

*Table* debe traducirse por *cadro*, xa que *táboa* é un *falso amigo*;[4] esa é a práctica tradicional. (Por exemplo, «cadro de estados medievais» frente a «táboa de logaritmos».)

[2] Ó contrario que en inglés, en galego o índice por antonomasia é o xeral.

[3] É a usada en DOT, 300 así coma na meirande parte dos libros que consultei ó azar nunha biblioteca. (J.B.)

[4] Véxanse as definicións do DGII e DTL, 67 ss.

Cadro 2: Abreviacións

<table>
<tr><td><code>'a 'e 'i 'o 'u</code></td><td>á é í ó ú</td></tr>
<tr><td><code>'A 'E 'I 'O 'U</code></td><td>Á É Í Ó Ú</td></tr>
<tr><td><code>'n 'N</code></td><td>ñ Ñ [a]</td></tr>
<tr><td><code>"u "U</code></td><td>ü Ü</td></tr>
<tr><td><code>"i "I</code></td><td>ï Ï</td></tr>
<tr><td><code>"a "A "o "O</code></td><td>Ordinais: 1.$^{a}$, 1.$^{A}$, 1.$^{o}$, 1.$^{O}$</td></tr>
<tr><td><code>"rr "RR</code></td><td>rr, pero -r cando se divide</td></tr>
<tr><td><code>"-</code></td><td>Coma <code>\-</code>, pero permite máis divisións</td></tr>
<tr><td><code>"=</code></td><td>Coma <code>-</code>, pero permite máis divisións [b]</td></tr>
<tr><td><code>"~</code></td><td>Guión estilístico [c]</td></tr>
<tr><td><code>~- ~-- ~---</code></td><td>Coma <code>-</code>, <code>--</code> e <code>---</code>, pero sen división</td></tr>
<tr><td><code>""</code></td><td>Permite máis divisións antes e despois [d]</td></tr>
<tr><td><code>"/</code></td><td>Unha barra algo máis baixa</td></tr>
<tr><td><code>"|</code></td><td>Divide un logotipo [e]</td></tr>
<tr><td><code><< >></code></td><td>« »</td></tr>
<tr><td><code>"< "></code></td><td><code>\begin{quoting} \end{quoting}</code> [f]</td></tr>
<tr><td><code>?` !`</code></td><td>¿ ¡ [g]</td></tr>
<tr><td><code>"? "!</code></td><td>¿ ¡ aliñados coa liña base [h]</td></tr>
</table>

[a] A forma `~n` debe considerarse en extinción. [b] `"=` ven a ser o mesmo que `""-""`. [c] Esta abreviación ten un uso distinto noutras linguas. [d] Coma en «entrada/saída». [e] Carece de uso en galego. [f] Véxase sec. 2.7. [g] Non proporcionadas por este paquete, mais por cada tipo; figuran aquí coma simple recordatorio. [h] Útiles en rótulos en maiúsculas.

As traducción escríbense con minúsculas, salvo a inicial. Evítase o anglicismo de comenzar con maiúsculas os substantivos.[5]

A orde `\today` dá a data actual. Con `\galiciandatedo` e `\galiciandatede` óptase por *do* (predeterminado) ou *de*.

## 2.2. Abreviacións

(O que en babel denomínase 'shorthands'.) A lista completa pódese atopar no cadro 2. Nos seguintes apartados daranse máis detalles sobre algunhas delas.

Para poder usar apóstrofos coma abreviacións de acentos é necesaria a opción `activeacute` en `\usepackage`. Pode cambiarse este comportamento coa orde `\gl@acuteactive` no arquivo de configuración `galician.cfg`; nese caso os apóstrofos actívanse sempre.

Os caracteres usados coma abreviacións compórtanse coma outras ordes de TeX e polo tanto faise caso omiso dos espacios que poidan seguir: `'␣a` é o mesmo que `'a`. Eso tamén implica que tras eses caracteres non pode vir unha chave de peche e que deberá escribirse `{... '{}}` en lugar de `{... '}`; en modo matemático non hai problema e `$x^{a'}$` ($x^{a'}$) é válido.

◇ `\deactivatetilden`

Esta orde desactiva as abreviacións `~n` e `~N` debido ós problemas que presentan. Pode usarse no arquivo de configuración (véxase máis abaixo).

[5] DOT, 197.

◇ \galiciandeactivate{<caracteres>}

Permite desactivar as abreviacións correspondentes ós caracteres dados. Para evitar entrar en conflicto con outras linguas, ó sair de galician reactívanse,[6] polo que se se desexa que persista cómpre engadi-la orde a \shorthandsgalician con \addto. A orde \renewcommand\shorthandsgalician{} é unha variante optimizada de

```
\addto\shorthandsgalician{\galiciandeactivate{.'"~<>}}
```

e é o recomendado se se desea prescindir do mecanismo de abreviacións.

## 2.3. Coma decimal

En galician tómase partido, coma en castelán, por separar a parte enteira e a parte decimal mediante unha coma. O punto é tradicional en inglés, non en galego, e ademáis chegouse a unha normalización internacional pola que os milleiros sepáranse por un espacio fino e os decimais con coma.

Dado que TEX usa a coma coma separador en intervalos ou expresións similares, o que engade un espacio fino, galician converte todo punto en modo matemático nunha coma sempre que estea seguido dunha cifra, pero non notras circunstancias:

| | |
|---|---|
| $1\,234.567\,890$ | $1\,234{,}567\,890$ |
| $f(1,2)=12.34.$ | $f(1, 2) = 12{,}34.$ |
| $1{.}000$ | 1.000, mais |
| 1.0001.000, pois non | e modo matemático. |

As ordes \decimalcomma e \decimalpoint establecen se se usa unha coma, que é o valor predeterminado, ou un punto, mentras que \galiciandecimal{<math>} permite darlle unha definición arbitraria.[7]

## 2.4. División de palabras

Galician comproba a codificación no momento no que se emprega un acento: se a codificación é OT1 tómanse medidas para facilitar a división, que pese a todo nunca será perfecta, mentres que con T1 accédese directamente ó carácter correspondente.

Para matizar a división de palabras hai catro posibilidades, dúas delas co método de abreviacións:

- a orde \- é un guión opcional que non permite máis divisións (coma en TEX),
- "- é similar pero permite máis divisións,
- un - é un guión que non permite máis divisións nin antes nin despois (coma en TEX), e
- "= é o equivalente que sí as permite,[8]

Por exemplo (coas posibles divisións marcadas con |):

[6] O punto para os decimais non é estrictamente unha abreviación e non se reactiva.
[7] Internamente o mecanismo é o dunha abreviación, e pódese desactivar coma as outras.
[8] Non é unha boa idea usar esta orde, pero en medidas moi curtas puede resultar necesario.

| | |
|---|---|
| `Zaragoza-Barcelona` | Zaragoza-\|Barcelona |
| `Zaragoza"=Barcelona` | Za\|ra\|go\|za-\|Bar\|ce\|lo\|na |
| `semi\-aperto` | semi\|aperto |
| `semi"-aperto` | se\|mi\|aper\|to.[9] |

Ademáis hai abreviacións que evitan divisións: `~-`, que resulta útil para expresar unha serie de números sen que o guión os divida (12-14, `12~-14`), e `~---`, que é a forma que debe usarse para abrir incisos con raias, xa que do contrario pode haber unha división entre a raia de abrir e a palabra que lle sigue:

```
Os concertos ~---ou academias--- que organiz'ou...
```

Mentras que este guión evita toda posible división nos elementos que une, a raia (—) e a semirraia (–) permítenas nas palabras que a precedan ou sigan.

A abreviación `"~` úsase cando se quere que o guión tamén apareza ó comienzo da seguinte liña. Por exemplo:

`infra"~vermello` in|fra-ver|mello, pero infra-|-vermello.

Outra abreviación é `"rr` que sirve para o único cambio de escritura do castelán en caso de haber división.[10]

## 2.5. Ordinais

As abreviaturas sempre levan punto, salvo algunhas nas que se substitúe por unha barra (e salvo as siglas e símbolos, naturalmente), que precede ás letras voladitas.[11] Por ello, galician proporciona a orde `\sptext` que facilita a creación destas abreviaturas. Por exemplo: `adm\sptext{'on}`, que dá adm.ón. Hai catro abreviacións asociadas a ordinais: `"a`, `"A`, `"o` e `"O` que equivalen a `\sptext{a}`, etc.[12]

Para axustar o tamano o mellor posible, úsase o de índices en curso. Esto funciona ben salvo para tamaños moi grandes ou moi pequenos, onde os resultados son meramente aceptables.

En Plain TEX execútase a orde `\sptextfont` para a letra voladita, de xeito que `{\bf\let\sptextfont\bf 1"o}` dá o resultado correcto (`\mit` se é para cursiva). Para usar un tipo novo con `\sptext` hai que definir tamén as variantes matemáticas con `\newfam`.

## 2.6. Funcións matemáticas

En castelán, tradicionalmente formáronse as abreviacións do que en TEX coñecense coma operadores a partir do nome castelán, o que implica a presencia do acento en lím, máx, mín, ínf e mód. Parece que isto e tamén o máis adecuado para o galego.

Con `galician` pódense seguir varios criterios por medio das seguintes ordes:

[9]Xusto antes e despóis de `"-` e `"=` aplícanse os correspondentes valores de `\...hyphenmin`, o que implica que a divisón semia|perto non é posible. Este é un comportamento correcto.

[10]En galego non atopei un pronunciamento ó respecto. A RAE indica que ó añadir un prefixo que reamta en vocal a unha palabra que comenza con *r*, esta última debe dobrarse a menos que se unan por un guión. Por exemplo: `extra"rradio` divídese en ex|trarra|dio, mais extra-|radio.

[11]DTL, 196. Véxase tamén DOT, 222 e 227.

[12]Moitos tipos engaden un pequeno subliñado que debe evitarse, e polo tanto non se debe escribi-los ordinais con inputenc.

◇ `\accentedoperators` `\unaccentedoperators`

Activa ou desactiva os acentos. Por omisión acentúanse, coma por exemplo: $\lim_{x\to 0}(1/x)$ (`$\lim_{x\to 0}(1/x)$`).

◇ `\spacedoperators` `\unspacedoperators`

Activa ou desactiva o espacio entre «arc» e la función. Por omisión non se espacia.

O i sen punto tamén é accesible directamente en modo matemático coa orde `\dotlessi`, de forma que se pode escribir `\acute{\dotlessi}`. Por exemplo, `$V_{\mathbf{cr\acute{\dotlessi}t}}$` dá $V_{\mathbf{crít}}$.

Novo en galician 4.3 Tamén engádense `\sen`, `\cosec`, `\arcsen`, `\tx`, `\arctx`, e `senh`, que dan as funcións respectivas. Ademáis `\sin`, `sinh` e `arcsin` producen os mesmos resultados que `\sen`, `\senh` e `\arcsen` respectivamente. Outras funcións trigonométricas atópanse almacenadas no parámetro `\galicianoperators`, que inicialmente inclúe cotx e txh. Deste xeito pódense cambiar por outras e engadir máis, coma por exemplo:

```
\renewcommand{\galicianoperators}{cotan arc\,ctx tanh}
```

(separadas con espacio). Cando se selecciona `galician` créanse ordes con eses nomes e que dan esas funcións (sempre con `\nolimits`). Ademáis das letras sen acentuar acéptanse as ordes `\,` e `\acute`, que se pasan por alto para forma-lo nome. Por exemplo, `arc\,ctg` escribirase no documento coma `\arcctg`, `M\acute{a}x` coma `\Max` e `cr\acute{i}t` coma `\crit` (hai que usar `i` e non `\dotlessi`). A orde `\,` responde a `\(un)spacedoperators`, e `\acute` a `\(un)accentedoperators`.

`\renewcommand{\galicianoperators}` haberá de estar no preámbulo do documento, despois de `\sepackage[galician]{babel}` e antes de `\selectgalician` ou de `\begin{document}`.

## 2.7. Entrecomiñados

O entorno `quoting` entrecomiña un texto, engadindo comiñas de seguir ó comienzo de cada parágrafo ou no seu interior.[13] Tamén pódense empregrar as abreviacións `"<` e `">` que se limitan a chamar a `quoting`, que por ser entorno considera os seus cambios internos coma locais. ( dicir, `"< ... ">` implica `{"< ... ">}`.) As abreviacións `<<` e `>>` continúan dando sen máis os caracteres de comiñas de abrir e pechar.

Por exemplo:

```
"<Chámanse "<comiñas de seguir"> as que son de peche, pero colócanse
ó comenzo de cada parágrafo cando se transcribe un texto
entrecomiñado con m'ais dun par'agrafo.

No seu interior, coma de costume, úsanse as inglesas.">
```

que ten por resultad:

> «Chámanse "comillas de seguir" as que son de peche, pero colócanse ó comenzo de cada parágrafo cando se transcribe un texto entrecomiñado con máis dun parágrafo.
>
> »No seu interior, coma de costume, úsanse as inglesas.»

[13]Pódese atopar unha detallada exposición das comiñas en DTL, 44 ss. De alí tomouse algún exemplo.

Cadro 3: Entrecomiñados

| | |
|---|---|
| `\lquoti` | `<<` |
| `\rquoti` | `>>` |
| `\lquotii` | ` `` ` |
| `\rquotii` | `''` |
| `\lquotiii` | `` ` `` |
| `\rquotiii` | `'` |

Este entorno pódese redefinir. Por exemplo:

```
\renewenvironment{quoting}{\itshape}{}
```

pero non implica un novo parágrafo, xa que está pensado para ser usado tamén no texto.

En caso de incluír uns entornos `quoting` dentro doutros, modifícanse as comiñas dos niveis interiores, que tamén engadense ás de seguir:

```
"<O di'alogo desenvolveuse desta forma:

"<---Eu no fun ---grit'ou Antonio.

---Mais colaboraches ---asegur'ou Rafael">.

Mais al'i ningúen se aclarou.">
```

> «O diálogo desenvolveuse desta forma:
> »“—Eu no fun —gritóu Antonio.
> »”—Mais colaboraches —aseguróu Rafael”.
> »Mais alí ningúen se aclarou.»

◇ `\lquoti \rquoti \lquotii \rquotii \lquotiii \rquotiii`

Controlan as comiñas en `quoting`, segundo o nivel no que nos atopemos. `\lquoti` son as comiñas de abrir máis exteriores, `\lquotii` as de segundo nivel, etc., e o mesmo para as de pechar con `\rquoti`... Para as de seguir sempre se usan as de pechar. Os valores predefinidos están no cadro 3.

As comiñas de seguir tamén empréganse en diálogos, incluso se non as hai de abrir e pechar. Coa axuda do seguinte entorno,

```
\newenvironment{dialog}
  {\def\lquoti{}\begin{quoting}---\ignorespaces}
  {\def\rquoti{}\end{quoting}}
```

podemos obter

> —O diálogo desenvolveuse deste xeito:
> »“—Eu non fun —gritóu Antonio.
> »”—Mais colaboraches —aseguróu Rafael”.
> »Mais alí ninguén se aclarou.

◇ `\activatequoting \deactivatequoting`

As incompatibilidades potenciais destas abreviacións son enormes. Por exemplo, en ifthen cancélanse as comparacións entre números;[14] tamén resultan inoperantes `@>>>` e `@<<<` de amstex.[15] Por iso, dase a posibilidade de cancelalas e reactivalas con estas ordes, aínda que se se está a usar con xmltex xa se desactivan por completo de modo automático. O entorno `quoting` sempre permanece disponible.[16]

## 2.8. Espaciado

O espaciado en galego afástase relativamente pouco do inglés; Non obstante, o espacio tra-los signos de puntuación debe de ser o mesmo que o que hai entre palabras. Ou dito en términos de TeX, `\frenchspacing` está activo.

Tamén noutros dous sitios hai diferencias. O primero son os puntos suspensivos, para os que se redefine `\dots` e `\cdots`, que os dan menos espaciados, e para `\dots` no texto engádese a continuación un espacio igual que o que seguiría a un punto. Por exemplo:

Novo en galician 4.3

| | |
|---|---|
| `\dots non sei se canta\dots ou chora.` | ... non sei se canta... ou chora. |
| `$f(x_1,\dots,x_n,y_1,\ldots,y_m)$` | $f(x_1,\dots,x_n,y_1,\dots,y_m)$ |
| `$1+2+\cdots+n$` | $1+2+\cdots+n$ |

Tamén poderíanse escribir os tres puntos sen máis... , e na práctica non hai diferencia. `galician` realiza as modificacións a moi baixo nivel, para que sexan compatibles cos cambios que tamén introduce `amsmath` nestes comandos.

O segundo sitio é un espacio fino antes do signo `\%` (que máis exactamente é `\,`, logo pódese «recuperar» co seu oposto `\!`, se `\%` no segue a unha cifra).

## 2.9. Pequenas e medianas versais

Novo en galician 4.3

`\lsc` pódese empregar para letras en versalitas. Tamén existe `\msc`, que selecciona un tipo lixeiramente maior. Por exemplo:

| | |
|---|---|
| `\lsc{DOG}, \lsc{RenFe}` | No DOG publicouse que RENFE deberá... |
| `\msc{DOG}, \msc{ReNFe}` | No DOG publicouse que RENFE deberá... |

Tamén pode ser útil para alguns usos dos números romanos:

| | |
|---|---|
| `s'eculo \msc{XVII}` | século XVII |
| `cap'itulo \msc{II}` | capítulo II. |

Para evitar que con un tipo que carece de versalitas acabe aparecendo (por substitución) un texto de minúsculas inténtase usar nestes casos as versais *reais* dun tamaño menor. Queda simplemente aceptable, pero é mellor que nada. (LaTeX tende a substituír versalitas por versalitas, pero hai excepcións, como coas negritas.)

## 2.10. Miscelánea

- Pódese escribir `\'i` para `\'{\i}`.

[14] E en `\ifnum`, etc. usado polos desenroladores nos paquetes.

[15] Aínda que neste caso cabe empregar os sinónimos `@)))` e `@(((`.

[16] Algúns tipos posúen as ligaduras `<<` e `>>` de forma interna para xenerar os caracteres de comiñas, polo que neles tambén podemos usalos siempre.

- Hai unha abreviación adicional como utilidade tipográfica máis que especificamente galega. En certos tipos, coma Times, o extremo inferior da barra está na liña de base e expresións coma «am/pm» resultan pouco estéticas. `"/` produce unha barra que, de ser necesario, báixase lexeiramente. Computer Modern ten unha barra ben deseñada e non é posible ilustrar aquí este punto, pero en todo caso escribiríase `am"/pm`.[17]

# 3. Selección da lingua

Por omisión, babel deixa «dormidas» as linguas ata que se chega a `\begin{document}` co fin de evitar conflictos polas abreviacións; a cambio, prívase da posibilidade de usar as linguas no preámbulo en ordes coma `\savebox`, `\title`, `\newtheorem`, etc.

A orde `\selectgalician` permite activar `galician` coas súas extensións e abreviacións antes de `\begin{document}`.[18] Deste xeito, poderíamos dicir

```
\documentclass{book}
\usepackage[T1]{fontenc}
\usepackage[galician]{babel}
\usepackage[latin1]{inputenc}
\usepackage[centerlast]{caption2}
... % M'ais paquetes

\selectgalician

\title{T'itulo}
\author{Autor}
\newcommand{\pste}{para"-psicoloxicamente}
\newsavebox{\mybox}
\savebox{\mybox}{m'ais cosas}
...   % M'ais definicións

\begin{document}
```

# 4. Adaptación

## 4.1. Configuración

Nas súas últimas versions, babel proporciona a posibilidade de cargar automáticamente un arquivo co mesmo nome que o principal, pero con extensión `.cfg`. Galician proporciona unhas poucas ordes para seren usadas neste arquivo:

◇ `\gl@activeacute`

Activa as abreviacións con apóstrofos, sen que sexa necesario incluír `activeacute` coma opción en `\usepackage`.

◇ `\gl@enumerate{<leveli>} {<levelii>}{<leveliii>}{<leveliv>}`

[17] En MEA, 141 recórrese a unha solución que é a única sinxela en programas de maquetación: usar un corpo menor. Pero con TEX é moito máis doado automatiza-las tareas.

[18] Algúns detalles, que apenas afectan a `galician`, seguen sen activarse ata o comenzo do documento.

Cambia os valores preestablecidos por `galician` para `enumerate`. *leveln* consiste nunha letra, que indica qué formato terá o número, seguida de cualquera texto. A letra ten que ser: `1` (arábigo), `a` (minúscula *cursiva* [19]), `A` (versal), `i` (romano *versalita*, con `\msc`), `I` (romano versal) ou finalmente `o` (ordinal [20]).

Esta orde non está pensada para facer cambios elaborados, se non solamente para meros reaxustes. Os valores preestablecidos equivalen a

```
\gl@enumerate{1.}{a)}{1)}{a$'$)}
```

◇ `\gl@itemize{<leveli>} {<levelii>}{<leveliii>}{<leveliv>}`

O mesmo para `itemize`, sólo que os argumentos úsanse de forma literal. Os valores orixinais de LaTeX son similares a

```
\gl@itemize{\textbullet}{\normalfont\bfseries\textendash}
   {\textasteriskcentered}{\textperiodcentered}
```

◇ `\gl@operators`

Todo o relativo a operadores cancélase con

```
\let\gl@operators\relax
```

boa idea incluílo se no se van usar, xa que aforra memoria.

Outros axustes útiles neste contexto son `\galicianoperators`, `\selectgalician` e `\deactivatequoting`.

Recordemos que tódo-los cambios operados dende este arquivo restan compatibilidade ó documento, polo que se se distribúe conven adxuntarlo co entorno `filecontents`.

## 4.2. Outros cambios

- A orde `\addto` permite cambiar algunha das convencións internas. Esto resulta interesante coas traduccións, xa que as formas proporcionadas poden non ser as desexadas. Para iso é necesario que `galician` non estea seleccionado. Por exemplo, para cambiar *Índice de figuras* por *Lista de figuras*:

```
\addto\captionsgalician{%
  \def\listfigurename{Lista de figuras}}
```

- Para voltar elimina-la sangría tra-la sección:

```
\def\@afterindentfalse{\let\if@afterindent\iffalse}
\@afterindentfalse
```

- Para que `\roman` proporcione números romanos en minúscula, segundo a forma inglesa:

```
\def\@roman#1{\romannumeral #1};
```

[19]A letra é cursiva mais non os signos que a poidan seguir. Máis ben debera dicirse destacada, xa que se usa `\emph`. Véxase DTL, 11.

[20]O normal é non engadir ningún signo tras ordinal.

e para que emprege `\lsc` en troques de `\msc`:

```
\def\gl@roman##1{\protect\gl@lsc{\romannumeral##1}}
```

- Os extras atópanse organizados en varios grupos: `\textgalician`, `\mathgalician`, `\shorthandsgalician` e `\layoutgalician`. Poden cancelarse con:

```
\renewcommand\textgalician{}
```

# 5. Formatos distintos a LaTeX $2_\varepsilon$

O estilo `galician` funciona con outros formatos, aínda que con un subconxunto das funcións disponibles en LaTeX $2_\varepsilon$. Con Plain hai que facer

```
\input galician.sty
```

e con LaTeX2.09, incluir `galician` entre as opcións de estilo.

Inclúense: traduccións, case todas as abreviacións, coma decimal, utilidades para a división de palabras, ordinais nunha versión simplificada (e non moi elegante), funcións matemáticas, entrecomiñados en LaTeX2.09, espaciado e `\'i`. A selección da lingua é inmediata ó cargar o arquivo.

En cambio non están disponibles: entrecomiñados en Plain, `\lsc`, `\msc` nin as adaptacións proporcionadas por `\layoutgalician`.

A partir desta versión, o arquivo de configuración lese sempre, polo que aqueles que xa estean escritos específicamante para LaTeX $2_\varepsilon$ poden presentar problemas se se usan con outros formatos. Se as versións que se usan non son moi antigas, pódese comprobar o formato coa variable `\fmtname`, que vale `LaTeX2e` ou `plain`. Por exemplo,

```
\def\temp{LaTeX2e}
\ifx\temp\fmtname
  ...
\fi
```

# 6. Bibliografías

O arquivo `glbst.tex` que se xenera con galician serve para que a utilidade custom-bib traballe en conxunción con babel. Define unha serie de ordes, que poden consultarse no propio arquivo, que se utilizan para as traduccións se se selecciona `babel` coma lingua ó xenerar un estilo bibliográfico.

# 7. Incompatibilidades con versións anteriores

O término correspondente a `\tablename` estaba traducido incorrectamente coma «Táboa». Coma queira que «táboa» é a palabra con que pode aparecer no propio texto, ou ben pode haber un artigo feminino ante `\tablename`, pode reponerse o valor antigo con:

```
\addto\captionsgalician{%
  \def\tablename{Táboa}%
  \def\listtablename{\'Indice de táboas}}
```

# Referencias


DGII — *Diccionario de galego*, Ir Indo. Vigo, 2004.

DOT — José Martínez de Sousa, *Diccionario de ortografía técnica*, Germán Sánchez Ruipérez/Pirámide. Madrid, 1987. (Biblioteca del libro.)

DTL — José Martínez de Sousa, *Diccionario de tipografía y del libro*, Paraninfo. Madrid, 3.ª ed., 1992.

MEA — José Martínez de Sousa, *Manual de edición y autoedición*, Pirámide. Madrid 1994.

OELG — Xosé Feixó Cid, *Ortografía e estilo da lingua galega*, Pirámide. Vigo, 2002.


*Como normalmente o primeiro contacto con TeX é por unha tesis, cito libros que están relacionados co tema ós que tiven acceso. Están por orde de preferencia; en particular, os dous últimos parécenme pouco recomendables. (J. B.)*


Umberto Eco, *Cómo se hace una tesis*, Gedisa. Barcelona 1982.

Antonia Rigo Arnavat e Gabriel Genescà Dueñas, *Cómo presentar una tesis y trabajos de investigación*, Eumo-Octaedro. Barcelona, 2002.

Prudenci Comes, *Guía para la redacción y presentación de trabajos científicos, informes técnicos y tesinas*, Oikos-Tau. Barcelona, 1971.

Javier Lasso de la Vega, *Cómo se hace una tesis doctoral*, Fundacion Universitaria Española. Madrid, 1977.

José Romera Castillo e outros, *Manual de estilo*, Universidad Nacional de Educación a Distancia. Madrid, 1996.

Restituto Sierra Bravo, *Tesis doctorales y trabajos de investigación científica*, Paraninfo. Madrid, 1986.


*Para outras cuestións tipográficas, as referencias usadas son, entre outras:*


Javier Bezos, *Tipografía española con TeX*, documento electrónico disponible en http://perso.wanadoo.es/jbezos/tipografia.html.

Raúl Cabanes Martínez, «El sistema internacional de unidades: ese desconocido», *Mundo Electrónico*, n.º 142, páxs. 119-125. 1984.

*The Chicago Manual of Style*, University of Chicago Press, 14.ª ed., esp. páxs. 333-335. Chicago, 1993.

José Fernández Castillo, *Normas para correctores y compositores tipógrafos*, Espasa-Calpe. Madrid, 1959.

IRANOR [AENOR], Normas UNE números 5010 («Signos matemáticos»), 5028 («Símbolos geométricos») e 5029 («Impresión de los símbolos de magnitudes y unidades y de los números»). [Obsoletas.]

Real Academia Española, *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Espasa-Calpe. Madrid, 1973.

V. Martínez Sicluna, *Teoría y práctica de la tipografía*, Gustavo Gili. Barcelona, 1945.

José Martínez de Sousa, *Diccionario de ortografía de la lengua española*, Paraninfo. Madrid, 1996.

Juan Martínez Val, *Tipografía práctica*, Laberinto. Madrid, 2002.

Juan José Morato, *Guía práctica del compositor tipográfico*, Hernando, 2.ª ed. Madrid, 1908 (1.ª ed., 1900, 3.ª ed., 1933).

Marion Neubauer, «Feinheiten bei wissenschaftlichen Publikationen», *Die TeXnisches Komödie*, parte I, vol. 8, n.º 4, páxs. 23-40. 1996; parte II, vol. 9, n.º 1, páxs. 25-44. 1997.

José Polo, *Ortografía y ciencia del lenguaje*, Paraninfo. Madrid, 1974.

Pedro Valle, *Cómo corregir sin ofender*, Lumen. Buenos Aires, 1998.

Hugh C. Wolfe, «Símbolos, unidades y nomenclatura», *Enciclopedia de Física*, t. 2, páxs. 1423-1451. dir. Rita G. Lerner e George L. Trigg, Alianza. Madrid, 1987,